

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

17135 *Real decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local.*

O artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, prevé que a idade mínima exixida para ter dereito a pensión de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social poderá ser rebaixada por real decreto, por proposta da persoa titular do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e mostren elevados índices de morbilidad ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

Para tales efectos, establecerase regulamentariamente o procedemento xeral que debe observarse para rebaixar a idade de xubilación, que incluírá a realización previa de estudos sobre sinistralidade no sector, penosidade, perigosidade e toxicidade das condicións do traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral dos traballadores e os requirimentos físicos exixidos para o desenvolvemento da actividade.

O dito desenvolvemento regulamentario determinou a aprobación do Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social. De conformidade co previsto no citado real decreto, a Secretaría de Estado da Seguridade Social decidiu iniciar de oficio o referido procedemento xeral con relación ás persoas integrantes das policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, procedemento a que se pon fin coa aprobación desta norma, tal como dispón o artigo 12 do Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro.

Procede o recoñecemento de coeficiente redutor da idade de xubilación ao colectivo a que se refire este real decreto dado que, realizados os pertinentes estudos, se desprende que os requirimentos psicofísicos que se exixen para o ingreso nese corpo de seguranza, así como o desenvolvemento da actividade inherente a ese corpo, non poden realizarse ou resultan máis gravosos a partir dunha determinada idade, cumprindo desta forma os requirimentos exixidos no Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, para a redución da idade de acceso á xubilación.

Así mesmo, sinala o citado artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social que o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación só procederá cando non sexa posible a modificación das condicións de traballo, condición que tamén é cumprida por este colectivo en todos os casos.

Por todo isto, por medio deste real decreto recoñécese o coeficiente redutor da idade de xubilación ás persoas integrantes dos corpos de policía local ao servizo das entidades que integran a Administración local, de maneira que se garante o equilibrio financeiro do sistema co establecemento dunha cotización adicional, cumprindo co previsto no xa citado artigo 206 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Na disposición adicional centésimo sexaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, reguláronse especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación das persoas integrantes dos corpos de policía local ao servizo das entidades que integran a Administración local, co obxecto de establecer un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a Administración como para o funcionario, a partir da

entrada en vigor desta norma regulamentaria pola cal se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dese colectivo.

Este real decreto atense aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, canto ao principio de necesidade, pon fin ao procedemento regulamentariamente establecido para o recoñecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación e, no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguranza xurídica e eficiencia, consegue o seu obxectivo da única forma posible, que é mediante a aprobación dunha norma con rango regulamentario, posto que dá cumprimento ao artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que a través do procedemento establecido no Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, exige a aprobación dunha norma con rango de real decreto para o recoñecemento deste coeficiente redutor.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia, xa que, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, na súa redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se efectuou o trámite de consulta pública a fin de pedir a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e á audiencia directa dos axentes sociais e dos colectivos afectados.

Este real decreto dítase en virtude das facultades atribuídas ao Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social polos artigos 5.2.a) e 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e o artigo 12.3 do Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. Ámbito subxectivo de aplicación.

O disposto neste real decreto aplicarase aos funcionarios de carreira, incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, membros da policía local ao servizo das entidades locais, nas súas diferentes escalas, categorías ou especialidades.

Artigo 2. Redución da idade de xubilación.

1. A idade ordinaria exigida para o acceso á pensión de xubilación conforme o artigo 205.1.a) e a disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, con respecto aos que se refire o artigo 1 reducirase nun período equivalente ao que resulte de aplicar aos anos completos efectivamente traballados como policía local o coeficiente redutor do 0,20.

2. A aplicación da redución da idade de xubilación prevista no número anterior en ningún caso dará ocasión a que a persoa interesada poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior en 5 anos á súa idade ordinaria de xubilación, ou en 6 anos nos

supostos en que se acrediten 37 anos de actividade efectiva e cotización, sen cómputo da parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias, polo exercicio da actividade a que se refire o artigo 1.

3. A anticipación da idade de xubilación por aplicación dos coeficientes redutores a que se refire o número 1 condicionarase tanto á necesidade de ter cuberto o período de carencia de 15 anos que se exige para acceder a esa prestación como os 15 anos de cotización como policía local necesarios para poder aplicar o coeficiente.

Artigo 3. *Cómputo do tempo traballado.*

Terá a consideración de tempo efectivamente traballado, para efectos da aplicación do coeficiente establecido no artigo anterior, o tempo de actividade efectiva e cotización destinado en postos propios dos corpos de policía local ao servizo da respectiva entidade local.

Descontaranse todas as faltas ao traballo, salvo as seguintes:

- a) As que teñan por motivo a incapacidade temporal por enfermidade común ou profesional, ou accidente, sexa ou non de traballo.
- b) As que teñan por motivo a suspensión da prestación de servizos por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- c) Os permisos e licenzas retribuídos, desfrutados en virtude das correspondentes disposicións normativas ou convencionais.

Artigo 4. *Consideración como cotizado do tempo de redución.*

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do traballador, de acordo co establecido nos artigos anteriores, computarase como cotizado exclusivamente para o efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

Artigo 5. *Efectos do coeficiente redutor.*

Tanto a redución da idade como o cómputo, para efectos de cotización, do tempo en que resulte reducida aquela que se establecen nos artigos anteriores serán de aplicación aos policías locais que permanecesen en situación de alta pola dita actividade até a data en que se produza o feito causante da pensión de xubilación.

Así mesmo, manterán o dereito a estes mesmos beneficios os que, tendo alcanzado a idade de acceso á xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 2, cesen na súa actividade como policía local, pero permanezan en alta por razón do desempeño dunha actividade laboral diferente, calquera que for o réxime da Seguridade Social en que por razón desta queden encadrados.

Artigo 6. *Cotización adicional.*

De acordo co establecido no artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do sistema, a aplicación dos beneficios establecidos neste real decreto levará consigo un incremento na cotización á Seguridade Social que se teña que efectuar en relación co colectivo delimitado no artigo 1, nos termos e condicións que se establezan legalmente.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación paulatina dos anos de cotización efectiva como policía local para anticipar a idade de xubilación até 6 anos respecto da idade ordinaria.*

Os anos de cotización efectiva como policía local a que se refire o artigo 2.2 para poder anticipar a idade de xubilación en 6 anos con respecto á idade ordinaria que corresponda serán exixidos de maneira progresiva, de acordo co establecido a seguir:

35 anos e 6 meses de cotización efectiva como policía local se o feito causante da pensión de xubilación se produce en 2019; 36 anos de cotización efectiva como policía local se o feito causante se produce en 2020, 2021 ou 2022; 36 anos e seis meses de cotización efectiva como policía local se o feito causante se produce en 2023, 2024, 2025 ou 2026 e 37 anos de cotización efectiva como policía local se o feito causante é en 2027 ou en anos posteriores.

Disposición transitoria segunda. *Taxa adicional de reposición da policía local.*

De acordo co establecido na disposición adicional centésimo sexaxésimo quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e en aplicación dela, a taxa de reposición adicional será efectiva desde a presentación da solicitude de xubilación anticipada. A persoa interesada deberá comunicar á Administración municipal correspondente a súa vontade de acollerse a esta modalidade de xubilación antes do día 31 de xaneiro de cada ano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 2 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social,
MAGDALENA VALERIO CORDERO